

Profesores desmotivados, alumnos pasotas

José Seoane Riveira

Estudiante de 2.º de Maxisterio
(Universidade da Coruña)

seoaneriveira@gmail.com

Ante todo son alumno. Toda a miña vida fun alumno. Na memoria gardo libros, caras, as paredes marróns das aulas e os profesores. Ás veces aínda me resulta difícil gardar silencio nas clases. Hai momentos nos que non penso nada máis ca en min, e outros nos que inclusive aprendo. Levo toda a vida a carón de docentes bos e de docentes malos, en mans de especialistas que nada ou case nada lembran da súa infancia; ou, polo menos, iso parece.

Cando aprendo na clase é sempre coa atención posta nuns ollos, nunha faciana, nunhas palabras que me cativan pola persoa que hai detrás, pola luz e a cultura que desprenden, por todas as horas de estudo e lecturas agachadas nelas. A meirande parte das veces que non atendo, é porque me sinto acubillado baixo a ollada atenta, case sempre insegura, dun home ou dunha muller roubando ao ditado palabras escritas, que acaso unha vez foron lúcidas e outra, fomentas. E cóstame manter silencio cando escoito, cando sufro, cando me envolve a esmagadora mediocridade de tantas e tantas horas malgastadas, de tantos e tantos discursos baleiros.

A longo destes anos, se hai algo que aprendín, é a adaptarme a distintas situacións e a diferenciar entre escolas e institutos, entre curas e funcionarios, entre apaixo-

nados profesores e profesionais rutineiros. Por iso quizais abordo esta reflexión con certa distancia, pero tamén con certa amargura: distancia, porque non posúo os coñecementos pedagóxicos suficientes para vulgar con corrección as distintas metodoloxías; amargor, porque son vítima desas metodoloxías e podo acariñalas ou rexeitalas, dende a miña diaria exposición a elas.

Creo que hai tres razóns que desencadean o fracaso da ensinanza hoxe en día. A primeira, a progresiva permisividade da Administración, confundindo dereitos e deberes, autoridade e autoritarismo, innovación e redución, e, en definitiva, alumnos con profesores. Non se poden motivar os rapaces facilitándolles doadamente o aprobado, rebaixando o seu esforzo; non se poden consentir faltas á autoridade dun docente na clase, nin crear oportunidades e lograr a igualdade desenvolvendo un currículo que contén a todos baixo un mesmo teito e diminuíndo a calidade dos contidos; non se pode permitir que os alumnos repitan unha e outra vez creando problemas de indisciplina, xerando conflitos no centro e obstaculizando, finalmente, a aprendizaxe de todos os seus compañeiros só porque aínda non cumpriron os dezaseis anos.

Neste sentido, a miña opinión vai encamiñada cara ao logro de igualdade de dereitos e oportunidades. Coido que con capacidade, esforzo e vontade, o fillo dun albanel e

Cando aprendo na clase é sempre grazas á persoa que hai detrás

dunha ama de casa pode chegar a onde se propoña, o mesmo que a filla dun médico. Pero creo que a igualdade de oportunidades e o bo funcionamento dos centros non se acada baixando as esixencias para conseguir máis alumnos aprobados e menos repetidores. A igualdade obtena cadaquén coas súas aspiracións e o seu traballo, e o Estado ten o deber de proporcionar unha formación de calidade.

Por outra banda, o acelerado desenvolvemento tecnolóxico, o impresionante aumento dun consumo desenfreado e o *laissez faire* dunha sociedade desleixada coa mocidade, é o segundo pilar dos problemas actuais da ensinanza. Que interese vai ter un adolescente de catorce anos pola literatura, se pasa as tardes chateando cos seus amigos, se trasnoita xogando á consola, se ten cartos quentes no peto para gastar no seu lecer dende tan cedo? Que soños pode ter un rapaz que ve pola televisión futbolistas ignorantes e maleducados gañando cartos a moreas e unha vida desbaldida? Que vocabulario pode adquirir, se dende rapaz escoita *Salsa Rosa* no seu salón os sábados pola noite? Neste sentido, admiro aspectos da loita anticapitalista: máis cultura, máis libros e menos trapalladas que adurmiñan a mente.

A última causa fundamental, que penso que afecta aos problemas actuais do ensino, é o funcionariado. Para ser un bo profesor non chega con aprobar unha oposición unha vez na vida. Oxalá se fixesen probas periódicas nas que fosen avaliados por comités de grandes docentes e recoñecidos expertos en cada eido. Así, se cadra, poderíase empezar a falar de motivar o alumnado. Porque, lamentablemente, un profesor desmotivado, aferrado ao seu posto, só pola situación de seguridade e nivel económico que reporta, xera alumnos máis pasotas e preguiceiros.

Unome a ese fontaneiro que elabora a factura mentalmente; ao mecánico que aos dezaseis anos deixou a ESO porque non lle interesaba, ou non era quen, ou non lle saía de dentro estudar; a ese taxista que escoita a radio dez horas ao día e coñece máis a xente e a cidade que mil sociólogos xuntos. E cáusanme admiración os profesores que miran con arroubo os seus alumnos á cara, mentres imparten a súa materia, que valoran a persoa, o traballo e o estudo, e se deixan de tanta parvada e demagogia. Porque para iso están os cafés de intelectuais. E ata neses cafés, estaremos todos de acordo, con que hai alguén detrás da barra.

